

45

- ○ ○ ○ ○ EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ○ EXPRESIÓN CORPORAL
- ○ ○ ○ ○ CREATIVIDADE
- ○ ○ ○ ○ VOCABULARIO
- ● ● ○ ○ ESCOITA ACTIVA
- ● ○ ○ ○ TRABALLO EN GRUPO
- ● ○ ○ ○ DIFICULTADE

10 ou máis participantes
20 minutos

Tipo "a pilla"

Reflexos. Distensión

O MARRO DE VIGO

MATERIAIS

Material para pintar ou trazar terreo de xogo no chan.

ESPAZO

Espazo amplo para correr.

Trázanse dúas liñas en ambos os extremos, para cada un dos equipos.

DESCRIPCIÓN

Unha persoa panda no medio do terreo de xogo e o resto sitúanse nalgún dos catro laterais.

As persoas que están nos laterais do terreo de xogo teñen que atravesar o espazo sen ser tocadas polo pandote.

Cando quen está no medio toca unha persoa dentro do cadrado, esta nova persoa panda e quen era o pandote queda libre.

